




EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

domingo 16 de maio '99
igreja parroquial
ás 9'00 da noite



deste tempo

Para o concerto no que a Banda presenta o seu novo logotipo, obra do transgresor e polo demais indefiníbel Chenchu, álias César, percusionista e **animador** da Banda, programouse a estrea en Ribadeo doutra obra de Ted Huggens, autor frecuentado pola agrupación (**Pavane in blue, Ciclista feliz, Choral & Rock Out...**). A última incorporación ao repertorio da Municipal titúlase **Reflections of this time**. Reflexos ou reflexións deste tempo. Case nada! Se a Banda reflicte, musical e esteticamente, **éste** tempo, tendo sido por iso obxecto de sana e dialéctica controversia, o **logo** de Chenchu (e os seus carteis e programas) son unha lúcida reflexión plástica sobre a Banda no futuro. Graciñas, Huggens, por escribir **Reflections...** e facilitarnos a reflexión nesta nota ao programa de hoxe.

Reflections of this time consta de tres movementos. O subtítulo do primeiro di abondo: **A excitante Nova Banda; a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** é nova cada día que toca. **Canción triste** chámase o segundo, máis tal tristura é só musical. O terceiro é unha fuga ónde Huggens demostra unha vez máis unha gran destreza contrapontística... deste tempo! E como a Banda é deste tempo, vive estas semanas unha disputa verbal no seu seo: o sector feminino adolescente (maioritário, por certo) impuxo democraticamente a programación da canción de amor de **Titanic**, o que subscitou a irritación tolerante da minoría jevi. Aínda que lacrimóxena e melodramática, **My heart will go on** é música deste tempo.

Hernán Naval

C O N C E R T O

Asociación
Amadores da Música

C
O
N
C
E
R
T
O

letras
galegas.....

BANDA

programa

Domingo Ortega

Ledesma & Orpesa

Cadros dunha exposición

M. Moussorgsky

I. Promenade

II. O vello castelo

III. Bydlo

IV. A cabana de Baba
Yaga

V. A gran porta de Kiev

Refrexos deste tempo

Ted Huggens

I. A excitante nova
banda

II. Canción triste

III. Fuga

Mood Romantic

Johan Nijs

Titanic

(my heart Will go on)

James Horner

A máquina de escreber

Leroy Anderson

Hino Galego

aquí chegados

Chegado este momento decidiuse presentar ao público o novo logotipo da Banda. **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo**...: presuntuoso, non? Quizáis, pero xa levamos moito tempo explicando o de **banda sinfónica** e "o noso heterodoxo facer" (como di algún), e este xa non é o momento de insistir. Hoxe é o momento de escoita-la Banda e de dotar a esta cuadrilla dunha nova imaxe que cubra as necesidades desta evolucionada Banda. E precisamente trátase de edificar arredor dela un sistema de imaxes simbólicas, coa modesta intención de representala.

asómate ás paxinas amarelas

As páxinas amarelas teñen máis dun millón de anunciantes comerciais, todos loitando para facerse ver sobre o mesmo fondo amarelo. ¿Que nos impulsa a chamar ao fontaneiro Otero en vez de ao fontaneiro Presa? Xeralmente non é se non un logotipo creativo. Este pequeno deseño, non só reflexa a identidade dunha empresa, senon que pode crear unha imaxe da mesma que se amplifica a través do propio produto. Por exemplo, o logotipo de Nike Air convertiuse en algo máis que calzado deportivo, o logo de Coca-Cola representa algo máis que unha lata de refresco.

C O N C E R T O



BANDA

Non é estrano que, agobiados pola pulción visual do noso entorno e diminuída a nosa capacidade de elección, nos fixemos en aquelas imaxes que non esixen demasiado da nosa capacidade intelectual ou ben reter aquelas que polo seu forte contido simbólico e simplicidade formal nos chaman a atención.

Sempre é perigoso asomarse, aínda que sexa preciso facelo. Asomarse é saír dun mesmo, ao exterior, con tódolos riscos que conleva. Periga a pracidade, as conviccións, o confort do coñecido, os hábitos. En definitiva, a seguridade. É perigoso, e nembargantes temos que facelo: asomémonos a outras culturas, a outros mitos, mesturémolos e fusionémolos para enriquecernos. No logotipo, carteis, programas de man e imaxes que nos propón a Banda, tentouse cumprir un triple cometido: fácil penetración e poder de evocación (je, je), pregnancia e perdurabilidade.

burla sobre o logo

Quizáis sone a paradoxa, pero «non hai nada millor que un desorde para albergar ordeadamente todo aquilo que tan só pode vivir en desorde», di o meu colega Rego. Non atopo millor maneira de acabar con este tostón que lembrando a Ciorán: «Todos somos uns tramposos, sobrevivimos aos nosos problemas»

chenchu